

VIVIRAQUÍ | **SOCIEDAD** | 69

Galeusca cítase en Euskadi do 9 ao 12 de outubro

PONTEVEDRA. A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Euskal Idazleen Elkartea (EIE) e a Associació d'Escriptors en Llengua Catalana (AELC) veñen de anunciar que os encontros Galeusca, que se celebran anualmente e que van por súa vixésimo sexta edición, terán lugar este ano en Euskadi do 9 ao 12 de outubro. O tema central da reunión é 'Pequenas literaturas, grandes retos'.

A organización de cada edición de Galeusca corre a cargo de unha das asociacións, que asumen esa responsabilidade por quendas. Este ano o encontro será en Arantzazu (Guipúzcoa).

Segundo informou a AELG, a delegación galega que asistirá a Galeusca está formada polos escritores: Alfredo Ferreiro, Antía Otero, Antón Riveiro Coello, Armando Requeixo, Cesáreo Sánchez, Dores Tembrás, Eva Moreda, Fran Alonso, Francisco Castro, Laura Caveiro, Marcos Calveiro, Mercedes Queixas, Paco Souto e Rexina Vega.

«Nestes anos, os encontros Galeusca serviron para profundizar en cuestións que teñen que ver coa literatura», explican dende a AELG. «Asemade, tiveron ocasión de coñecer in situ a situación das tres linguas en ámbitos ben distintos».